

Calidade de poeta

Das emocións da palabra

ROMÁN RAÑA

A personalidade literaria de Miguel Anxo Fernán Vello (Cospeito, Lugo, 1958) é ben recoñecida por todos. Exhibe no seu currículo os máis importantes galardóns concedidos no noso país e a súa obra foi traducida aos máis relevantes idiomas de Europa. Poeta, dramaturgo e editor son as tres actividades básicas que concentran as súas preocupacións e o teu talento. O libro que agora comentamos, *Astro interior*, *Escolma poética 1984-2007*, patrocinado polo Pen Clube de Galiza, na súa magnífica colección “Arte de Trobar”, recolle e selecciona poemas de toda a súa dilatada produción. O volume vai precedido dun extenso, minucioso e esclarecedor prólogo de Teresa Seara que analiza a obra do de Cospeito, repasa a súa biografía e desvela o tecido dos símbolos tan necesarios para unha cabal interpretación dos seus textos.


Que elo une *Do desexo en corpo e sombra* (1984) e *Dicionario do estremecemento* (2007)? Que fío de Ariadna vai engarzando as pezas dun mosaico xigantesco que mal podemos vislumbrar? Talvez, en primeiro lugar, un ímpeto unitario de paixón e harmonía. Notamos sempre nos poemas de Fernán

terese temático do noso poeta vai expandíndose desde o primeiro poemario, case exclusivamente erótico, que alcanza culmen en *Memorial de brancura* (1985), transido de emoción carnal e de deslumbramento, de cí o animal e de fulgores de concupiscencia: “cando pasan así esas mulleres do verao tan fermosas/un desexo desangra a miña vida e morro/en instantes crueis que me iluminan toda a carne/e morro nese asombro constante de beleza.”

Tamén nesta citación atopamos outro ele-

mentado que corre inmensamente polos campos e eleva brillos altos nas árbores deslizadas ao ceo. É un reino de mil terras ao sol. Un fogo mineral e azul.” Esa emoción terrestre tamén sulca *Entre auga e fogo* (Cantos da terra posuída) de 1987.

En 1996 aparece un poemario excepcional na historia da poesía galega, *As certezas do clima*. O escenario agora é absolutamente urbano. Aparecen fábricas, residuos ferruxentos, talleres metalúrxicos, estaleiros que abraian. Sobre a desolación industrial aparece o home, que se ve agradado polas formas; e a vida,



POEMAS QUE SON
INCENDIO
CONSTANTE, UN
VERDADEIRO ACOPIO
DE ENERXÍA

Vello un acopio de enerxía que se transfire ao verso en todo momento. Poucos escritores nos nosos lares poden manter un pulo vivencial, un regozixo na forma de expresar o que lle abrasa por dentro, como o que aquí percibimos. Se o poema é celebración, os de Fernán Vello son incendio constante, aínda que comuniquen desgrazas, desventuras ou a irritación polos tempos que decorren.

Efectivamente, o in-

mento continuo nas composicións do noso autor: a íntima unión da morte e da paixón, da poesía e da carne que termina.

Despois da etapa onde brillaba un erotismo solarmente explícito, asistimos a unha viaxe ao humo terreal en *Libro das paisaxes vivas* (1985). Agora a forza dos versos é telúrica, a vehemencia botar raíces no que os ollos ven, no que a alma contempla: terra que se ama, natureza que vive e que nos vive: “Hai un país de

que se ve esmagada polo tempo. Bastaría a existencia deste libro para confirmar a prodixiosa calidade da nosa literatura e a Fernán Vello (á par dun René Char, dun Nuno Júdice) como o extraordinario poeta que é.

FERNÁN VELLO, *Miguel Anxo*, *Astro interior*. *Escolma poética 1984-2007*, Pen Club de Galicia, Santiago, 2007, 486 páxinas